



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE DENTISTAS XI REXIÓN – OURENSE E PONTEVEDRA, PARA A ATENCIÓN ODONTOLÓXICA DE MENORES TUTELADOS OU EN GARDA POLA XUNTA DE GALICIA.

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar có Ilustre Colexio Oficial de Dentistas XI Rexión – Ourense e Pontevedra, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e o Ilustre Colexio Oficial de Dentistas XI Rexión – Ourense e Pontevedra, comprometido coa saúde bucal da poboación, consideran prioritario potenciar este tipo de actuacións, deste xeito, están interesados en cooperar na execución de programas directamente ligados coa consecución do benestar dos nenos, nenas e adolescentes tutelados ou en garda pola Consellería e Política Social nas provincias de Ourense e Pontevedra, previa autorización da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, sempre e cando ditos tratamentos non estean cubertos polo sistema sanitario galego.

A poboación aproximada de menores tutelados ou en garda pola Consellería de Política Social ascende a 1600 menores, correspondendo ó ámbito da provincia da Coruña preto de 850 menores. Desta poboación estímase que a porcentaxe de menores





con problemas bucodentais susceptibles de tratamento especializado pode alcanzar o 50%.

Os tratamentos odontolóxicos referidos neste convenio serán os excluídos de Servizo Galego de Saúde conforme á Lei 7/2003, do 9 de decembro de 2003, de ordenación sanitaria de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social considera de especial importancia favorecer e dar continuidade a iniciativas de interese social e que xa se veñen executando desde o ano 2005, a través dos correspondentes convenios de colaboración, considerándose polo tanto ao Ilustre Colexio Oficial de Dentistas XI Rexión – Ourense e Pontevedra, idóneo para a execución de destas prestacións pola a súa experiencia profesional e o compromiso dos seus profesionais no ámbito da atención odontolóxica e protésica aos/as menores das provincias de Ourense e Pontevedra.

O Ilustre Colexio Oficial de Dentistas XI Rexión – Ourense e Pontevedra, na actualidade conta coa estrutura necesaria e suficientes profesionais asociados, susceptibles de adherirse ao convenio de colaboración, para o desenvolvemento das prestacións propias da súa actividade, facilitándolles en todo momento o asesoramento e información necesarias en cuanto ás tarifas a aplicar nos diferentes tratamentos odontolóxicos obxecto deste convenio de colaboración e que se describen no clausulado.

O convenio de colaboración como fórmula negocial é a solución máis apropiada para articular as relacións de ambas as dúas partes na procura do interese público e ao amparo do disposto no artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que dispón que ...”por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse suscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns





humanitarias ou de emerxencia social, o ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou convinte promover a concorrencia pública”.

O convenio de colaboración terá data de efectos e vixencia dende o 1 de xaneiro de 2017 e ata o 31 de decembro de 2017, poidendo prorrogarse por acordo expreso das partes por anos naturais sucesivos, ata un máximo de 4 anos adicionais, agás denuncia expresa dunha das partes asinantes cunha antelación de tres meses á data do remate de vixencia do mesmo ou das súas posibles prórrogas.

A sinatura deste convenio non conleva contraprestación económica entre ámbalas dúas partes.

O número de beneficiarios previstos coa aplicación deste convenio será de 425 usuarios aproximadamente, acollidos no sistema de protección da Consellería de Política Social na Coruña.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase en Santiago a _____

(asinado dixitalmente)

María Amparo González Méndez

